

## ANUNCIO

A Lei orgánica 5/1995 do Tribunal do Xurado, do 22 de maio, mais o Real Decreto 1398/1995, do 4 de agosto, modificado polos Reais decretos 2067/1996, do 13 de setembro e 1271/2012, do 31 de agosto, establecen o procedemento legal para a **formación das listas de candidatos a xurados**.

Para o seu cumprimento, a Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral da Coruña determinou que o sorteo para a formación destas listas se leve a cabo o vindeiro 24 de setembro de 2026 ás 12.00 horas na Sala de Xuntas desta oficina (Rúa Adelaida Muro, núm. 12, 15002 A Coruña), segundo a confirmación da Audiencia Provincial.

Os concellos exporán antes do sorteo a da lista do censo vixente durante un prazo de sete (7) días.

É polo que, faise público o censo vixente para a realización do sorteo para a formación das listas de candidatos a xurados dende o 11.09.2026 ao 21.09.2026 (ámbolos dous días inclusive), o censo pódese consultar no Departamento de Padrón de Habitantes, no 1º andar da Casa do Concello, en horario de 8:30 a 14:30 horas.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola sra. alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.